

# Dereitos e Liberdades na Galiza

## RESUMO DE NOTÍCIAS 4º TRIMESTRE 2012

---



03/10/2012

ASEMBLEA DE DESEMPREGADOS E DESEMPREGADAS DE FERROL

### **Multa de 835 euros por acción simbólica en supermercado**

O xulgado de Instrución nº1 de Ferrol resolveu condenar a unha multa de 90 euros cada unha das persoas da Asemblea de desempregad@s de Ferrol (ADF) que fixeron parte dunha acción simbólica en xuño nun supermercado. A ADF recorda que a acción non chegou a concluírse e que o valor dos alimentos non chegaba aos 26 euros.

<http://esculca.net/web/node/3202#.UOsXY3dEoS0>



05/10/2012

GOLPEADOS TAMÉN COMPAÑEIROS QUE SE INTERESARON POLO SEU ESTADO

### **Ferrol: sindicalista maltratado pola policía**

Segundo denuncias fontes sindicais, Xesús A. López Pintos, secretario comarcal da CIG de Ferrol, foi sido golpeado e insultado durante as horas que permaneceu detido na Comisaría de Ferrol despois de ser ser detido nunha protesta de 300 operarios do naval ante o lugar de inicio de campaña do PP. O xuíz anunciou que investigaría o acontecido en Comisaría.

<http://esculca.net/web/node/3210#.UOsXJndEoS0>



08/10/2012

MAIS DUM ANO DE ESPERA

### **Acesso à saúde: em galego ainda mais difícil**

Jesús Manuel da Torre foi negado de receber documentación em galego varias veces, ameazado de non ser atendido e desviado de hospital varias veces. Em todos os casos foi lle negada a atención em galego. O caso ficou muito conhecido por conta da denuncia pública que o afetado fixo após varios meses de racismo linguístico.

<http://esculca.net/web/node/3212#.UOsXA3dEoS0>



09/10/2012

ESCRITO Á DIRECCIÓN DE CENTROS PENITENCIARIOS

### **EsCULcA insta a facilitar o exercicio do dereito de voto nas cadeas**

O pasado día 3, EsCULcA enviou escrito á dirección dos Centros Penitenciarios ubicados na Galiza para instar a adopción de medidas que faciliten o exercicio do dereito de voto ás persoas presas e garantir que estas reciban información electoral. Lembra EsCULcA que a pena de privación de dereito de sufraxio activo non está recollida na LOREX.

<http://esculca.net/web/node/3219#.UOsW3ndEoS0>



10/10/2012

UNHA PRÁCTICA ILEGAL QUE PENALIZA TAMÉN AS FAMILIAS

### **Denuncian a dispersión penitenciaria e reclaman garantías para as persoas presas**

A Executiva Confederal da CIG decidiu na súa última xuntanza amosar o seu rexeitamento á dispersión penitenciaria que o Goberno español aplica sistematicamente os presos/as políticos/as. Reclamar que se garantan os dereitos das persoas presas e das súas familias e censura esta práctica que conculca a propia lexislación española e castiga tamén a familiares e amigos/as.

<http://esculca.net/web/node/3225#.UOsWvXdEoS0>



14/10/2012

AFIRMA A FAMILIA DO MENOR AGREDIDO À SAÍDA DUN MITIN

## **"A Garda Civil dinos que non denunciemos Mario Conde"**

A.D.C., natural do Barco, asegurou antes de entrar ao cuartel que “estamos dispostos a demandar a ese señor, pois temos moitas testemuñas”. Ademais das agresións, o obxecto da denuncia estaría motivada tamén porque o mozo asegura que Conde lle chamou “negro, xusto antes de que me agarrara polo pescozo” Porén, finalmente non houbo denuncia.

<http://esculca.net/web/node/3232#.UOsWi3dEEOSo>



17/10/2012

AQUI SI CHEGAN OS RECORTES

## **O goberno galego restrinxe o dereito à xustiza gratuita**

Galiza acaba de pór en marcha un novo regulamento de xustiza gratuíta, que introduce mudanzas substanciais sobre o modelo vixente desde o ano 2008. A reforma efectuada pouco antes da convocatória de eleccións anticipadas polo presidente Feijóo suscita dúbidas importantes porque, na práctica, restrinxe a súa concesión efectiva.

<http://esculca.net/web/node/3245#.UOsWSHdEEOSo>



19/10/2012

EN SOLIDARIEDADE CON DIRIXENTE SINDICAL

## **Concentración en Ferrol contra a violencia policial**

Ducias de persoas concentraronse onte a prol das liberdades civís e contra as políticas represivas do Partido Popular nun acto celebrado en Ferrol en solidariedade con Pintos, o dirixente sindical maltratado por axentes da PN a noite de inicio da campaña electoral. Pintos fora detido nunha protesta de operarios do naval no lugar en que se reunían membros do PP.

<http://esculca.net/web/node/3246#.UOsWJndEEOSo>



20/10/2012

## NAS PORTAS DO ÚLTIMO MÍTIN DO PP **Violenta carga policial en Ourense**

Unha forte carga policial despediu a campaña do PP en Ourense. Segundo denuncian varios colectivos, numerosas persoas sufriron golpes por parte das forzas de seguridade ás portas do pavillón dos Remedios da cidade das Burgas, onde se manifestaban afectados polas participacións preferentes, así como estudantes que berraban contra as políticas levadas a cabo polos conservadores.

<http://esculca.net/web/node/3249#.UOsWBHdEoSo>



25/10/2012

## ALEGA QUE O ACTO DE PROTESTA ERA "LEGA" **Samuel Juarez xustifica malos tratos a sindicalista**

Os responsábeis comarcais de CIG, CC.OO., UGT e USTG censuran as palabras do Delegado do Goberno español na Galiza, quen apuntou que na protesta realizada a noite en que arrincou a campaña electoral diante do hotel onde iniciaba o PP a pegada de carteis, @s manifestantes "actuaron con violencia". Negou a investigación exixida polos sindicatos.

<http://esculca.net/web/node/3260#.UOsVzHdEoSo>



26/10/2012

## DEREITOS LINGÜÍSTICOS DESPROTEXIDOS **Consello de Europa critica a política lingüística do goberno galego**

O Comité de Expertos do Consello de Europa asegura, despois de estudar os informes recibidos, que o goberno galego non protexe os dereitos lingüísticos no ensino e na xustiza. Tamén dá a coñecer a situación doutras linguas minorizadas do Estado como o euscaro e o catalán. Neses outros casos "aplauden" o traballo realizado por eses gobernos.

<http://esculca.net/web/node/3267#.UOsVo3dEoSo>



31/10/2012

DUAS PERSOAS DETIDAS EM FERROL

## **EsCULcA reclama o levantamento do regime de incomunicaçom**

Com data 30 de outubro, EsCULcA dirigi [escrito](#) à Audiência Nacional em que instava o levantamento do regime de detençom incomunicada para as duas persoas detidas dous dias antes em Ferrol. Cumpre lembrar que o fillo de ambos, de oito meses, permaneceu retido e separado da mai durante cinco horas apesar da súa condiçom de lactante.

<http://esculca.net/web/node/3279#.UOsVandEOSo>



01/11/2012

Á SAÍDA DO CELTA-DEPORTIVO

## **Agredido por axentes policias en Vigo por gravar**

“Voltando a casa despois do último Celta-Deportivo tiro o móbil para grabar e agrédeme a policía. Teño a esperanza de que algunha testemuña grabase esta cobarde agresión”, informa un cidadán de Vigo que manifesta ter sido agredido dúas veces por tres axentes anti-disturbios. A primeira por grabar unha rúa e a segunda por tentar gravar os propios axentes.

<http://esculca.net/web/node/3283#.UOsVQXdEOSo>



05/11/2012

UNHA ANOMALÍA INCONSTITUCIONAL

## **As curiosas circunstancias do profesorado de relixió**

Segundo a disposició publicada pola consellaría de Educació no Diario Oficial de Galiza do 28 de setembro de 2012, o persoal contratado para impartir a materia de relixió nos centros de infantil e primaria do país suma un total de 521 docentes propost@s polo Bispado, curiosamente non estes docentes non completan o horario lectivo polo que cobran.

<http://esculca.net/web/node/3288#.UOsVHHdEOSo>



05/11/2012

PERGUNTA NO CONGRESSO DOS DEPUTADOS

### **Persoas com residêncía galega em cárceres de fora**

O pasado 02/11/2012 a deputada Rosa Pérez Fernández registou no Congreso [pergunta](#), para a que se solicita resposta por escrito, relativa a persoas presas de orixe galega em prisión preventiva ou cumprindo condena fora de Galiza. A pregunta refere a solicitude de información que sobre este mesmo asunto cursou EsCULcA o pasado mes de xuño a I.P.

<http://esculca.net/web/node/3290#.UOsU9XdEoSo>



05/11/2012

A PRIMEIRA SOLICITUDE AO REITOR FOI DENEGADA

### **EsCULcA volve a solicitar acceso ao Convenio da USC coa UBG**

O pasado 27/10/2012, EsCULcA solicitou novamente à Reitoría da USC, esta vez ao amparo da LO 4/2001, que regula o dereito de petición, copia do convenio que esta universidade asinou coa Universidade Ben Gurión, ubicada no Naqab (Neguev en hebraico). Esta segunda petición realízase despois de a reitoría responder negativamente a primeira solicitude.

<http://esculca.net/web/node/3294#.UOsUz3dEoSo>



07/11/2012

NO MULTIUSOS FONTES DO SAR

### **Denuncian novo veto á bandeira estreleira en recinto deportivo**

A denuncia chega despois dun partido de baloncesto entre o Obradoiro e o Cajasol. Segundo asegura un afeccionado, a Policía obrigou outro siareiro a retirar unha bandeira galega coa estrela pendurada dun valado do Multiusos do Sar. Sob ameaza dunha multa de 3.000 euros, un axente advertiulle da infracción que podería supor a súa actitude.

<http://esculca.net/web/node/3298#.UOsUr3dEoSo>



08/11/2012

A AVOGACÍA GALEGA CONTRA O AUMENTO DAS TAXAS XUDICIAIS

### **"O maior retroceso nos dereitos sociais no ámbito da Xustiza"**

O Consello da Avogacía Galega convocou este venres, día 9, concentracións ante as principais sedes xudiciais de Galiza en protesta pola suba das taxas xudiciais segundo informa nun comunicado. O Proxecto de Lei de Taxas Xudiciais supón "o maior retroceso nos dereitos sociais no ámbito da Xustiza dende a restitución da democracia", afirma.

<http://esculca.net/web/node/3302#.UOsUjHdEoSo>



09/11/2012

A FISCALÍA VOLVE CRIMINALIZAR A ACCIÓN SINDICAL

### **Dura condena a tres sindicalistas**

A Audiencia Provincial de Pontevedra celebrou unha vista á instancias do recurso presentado polas defensas contra a dura condena de tres sindicalistas acusados de coaccionaren traballadores dun supermercado na folga do comercio e alimentación de 2009. No xuízo, celebrado en xuño, todas as testemuñas negaron teren sido vítimas desa suposta coacción.

<http://esculca.net/web/node/3303#.UOsUaHdEoSo>



10/11/2012

SOSPEITA QUE SE INCUMPRIU A LEI DE PROTECCIÓN XURÍDICA DO MENOR

### **EsCULcA pede que se investigue actuación policial en Narón**

O pasado 6 de Novembro, EsCULcA rexistou na Fiscalía de Menores da Área de Ferrol escrito en que solicita a incoación de dilixencias preprocesuais de investigación para esclarecer os feitos acontecidos o 29 de outubro en Narón, e en concreto o tratamento dispensado por axentes da PN a un menor lactante durante a detención da súa nai e o seu pai.

<http://esculca.net/web/node/3306#.UOsURndEoSo>



13/11/2012

IMPORTANTE ACORDO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

## **Galiza podería contar con asesoramento xurídico nas prisións**

Con data 6 de novembro, o Consello da Avogacía Galega enviou escrito ao Director Xeral de Xustiza, Juan José Martín, en que se comunica o acordo deste organismo favorábel á proposta da asociación Concepción Arenal e EsCULcA relativa á posta en marcha dun servizo de asesoramento xurídico nos cárceres ubicados na Galiza.

<http://esculca.net/web/node/3313#.UOsUIndEoS0>



16/11/2012

EN QUEIXA Á DEFENSORÍA DEL PUEBLO

## **EsCULcA reclama medidas urxentes para restaurar os dereitos de preso galego**

Con data 16 de novembro, EsCULcA enviou queixa á *Defensoría del Pueblo* relativa á situación de Eduardo Vigo Domínguez, preso galego interno no Centro Penitenciario de Córdoba ao que Institucións Penitenciarias aplica inxustificadamente un rexime de extrema dureza que o Observatorio considera de “isolamento encoberto”.

<http://esculca.net/web/node/3316#.UOsT-3dEoS0>



16/11/2012

DURANTE A XORNADA DE FOLGA XERAL

## **Condanan agresión policial a xornalista**

A Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) condena con rotundidade a agresión sufrida polo xornalista de *El Confidencial* e membro do CPXG, Iván Gil, golpeado por un membro das Unidades de Intervención Policial, durante a celebración da Folga Xeral do 14-N na rua Atocha de Madrid, cando realizaba o seu labor informativo.

<http://esculca.net/web/node/3317#.UOsT13dEoS0>





22/11/2012

E CURIOSO SILENCIO

### **Estraña actuación policial**

Segundo informa G.C., o venres 19 de outubro axentes da Policía Nacional entraron nunha imprenta de Pontevedra para rexistrala. Tiñan ordes precisas para localizar todas as copias dun cartaz crítico co Goberno de Feijóo e paralizar as súas rotativas. Unha actuación que tivo a súa orixe nunha denuncia do Partido Popular na Xunta Electoral.

<http://esculca.net/web/node/3326#.UOsTrndEoSo>



23/11/2012

A TARIFA MÁIS ELEVADA DO REINO DE ESPANHA

### **Galiza: 359,79 euros por ser atendido/a em urgências**

Apesar de o Tribunal de Contas do estado ter certificado en marzo que Galiza tinha a tarifa de urgências mais alta do Reino para persoas estrangeiras sem cobertura sanitária, o Sergas voltou subir a sua tarifa de acordo à inflação, um 2,5%, até os 359,79 euros. Essa será a quantidade que terá que pagar, por exemplo, um imigrante sem papéis.

<http://esculca.net/web/node/3327#.UOsTindEoSo>



23/11/2012

PARTICIPARON NA FOLGA DA ALIMENTACIÓN E O COMÉRCIO DE 2009

### **Folga de fame en apoio de sindicalistas condenados**

Pola volta de medio cento de persoas participarán de xeito rotatorio desde esta sexta e até o vindeiro 14 de decembro na folga de fame en apoio dos tres sindicalistas (M. Cadórniga e C. Alján, da CIG, e C. Búa, de CCOO) condenados a tres anos e un día de cárcere cada un por tomar parte na folga de alimentación e comercio de Pontevedra en 2009.

<http://esculca.net/web/node/3328#.UOsTa3dEoSo>



23/11/2012

CONVOCAN GALIZA por PALESTINA E BDS-Galiza

## **Concentración en Compostela en apoio do pobo palestino**

Galiza por Palestina e BDS-Galiza convocan para o próximo sábado, día 14, unha concentración nacional en apoio do pobo palestino e contra a impunidade do estado e Israel. Será en Compostela, na Praza do Toural, às 13:00 horas. A tregua pactada hai dous dias foi violada por Israel, que matou un palestino e feriu outras 25 persoas segundo fontes médicas.

<http://esculca.net/web/node/3329#.UOsTSndEoSo>



26/11/2012

OUTRA VEZ NO MULTIUSOS DO SAR DE COMPOSTELA

## **Novo veto a bandeiras nacionalistas**

Continúan os vetos a bandeiras nacionalistas en recintos deportivos. Varios afeccionados denuncian que un axente de seguridade lles quitou unha estreleira durante o partido deste domingo entre o Obradoiro e o Gran Canaria. Hai menos dun mes, outro siareiro denunciou que fora ameazado cunha multa de 3.000 euros se non retiraba a súa estreleira.

<http://esculca.net/web/node/3333#.UOsTH3dEoSo>



27/11/2012

OS SUBSÍDIOS DA JUNTA

## **Milions de euros para entidades relacionadas com a igreja católica**

Nos últimos meses veu à tona o debate sobre o IBI da Igreja católica como outro dos privilegios de que esta institución goza num Estado que se diz constitucionalmente aconfesional. Além disso, fundações e associações de obediência clerical recebem cada ano millions de euros dos cofres públicos para as suas actividades de carácter social.

<http://esculca.net/web/node/3336#.UOsS9ndEoSo>



30/11/2012

CONTRA A PROHIBICIÓN DE ESTRELEIRAS EN RECINTO DEPORTIVO

### **Estudan recorrer á vía xudicial**

Despois de seren obrigadas por axentes policiais a retirar unha bandeira galega con estrela nun partido do Obradoiro CAB e non se lles permitir días despois entraren con ela no recinto, persoas afectadas pola prohibición estudan recorrer á vía xudicial. Representantes do clube aseguran que a decisión é dos Corpos e Forzas de Seguranza do Estado.

<http://esculca.net/web/node/3339#.UOsSzHdEEOSo>



05/12/2012

PARTICIPARAN NA FOLGA DE COMERCIO de 2009

### **A Audiencia Provincial absolve tres sindicalistas condenados polo Xulgado do Penal**

A Audiencia Provincial de Pontevedra absolveu tres sindicalistas condenados a tres anos e un día de prisión polo Xulgado do Penal número 1 acusados de participaren nun piquete na folga do comercio en 2009. A resolución, feita pública o pasado 5/12, salienta a importancia de garantir o exercicio do dereito de folga e salvaguardar o dereito a presunción de inocencia.

<http://esculca.net/web/node/3347#.UOsSk3dEEOSo>



05/12/2012

DIANTE DUN PIQUETE INFORMATIVO NA FOLGA DO 14-N

### **Denuncian axente da G.C. por ameazar con desenfundar a pistola**

Os sindicatos CIG e CCOO presentaron denuncia na Subdelegación do Goberno español en Ourense contra o axente da Garda Civil que fixo ademán de sacar a pistola diante dun piquete na pasado folga xeral do 14 de novembro. Reclaman a abertura de expediente disciplinar e fan constar que os axentes non levaban o número de identificación en lugar visíbel.

<http://esculca.net/web/node/3348#.UOsSb3dEEOSo>



06/12/2012

7 ANOS DE CÁRCERE POR 0,2 GRS. DE HEROÍNA

### **O goberno recusa conceder indulto a xoven rehabilitado**

David Reboredo enfrenta sete anos de cárcere por vender 0,2 gramos de heroína. Deberá ingresar na prisión da Lama, en Pontevedra, xa que o Goberno rexeitou concederlle o indulto. David, que xa está rehabilitado das súas adiccións desde hai 3 anos, está indignado por esta decisión, aínda que se mostra agradecido polo apoio que está a recibir.

<http://esculca.net/web/node/3350#.UOsSTXdEoS0>



10/12/2012

QUEIXA DE EsCULcA AO DIRECTOR DO CENTRO E A DEFENSORÍA DEL PUEBLO

### **Graves deficiencias no penal da Lama**

As graves deficiencias na asistencia sanitaria e de infraestruturas no CP da Lama -onde non hai infraestruturas adecuadas para as horas reservadas ao lecer, faltan programas de actividades e a atención odontolóxica e psiquiátrica é pésima- motivou que EsCULcA enviase [escrito de queixa ao director do penal](#) e [a Defensoría del Pueblo](#).

<http://esculca.net/web/node/3358#.UOsSGHdEoS0>



14/12/2012

**lente** - análises pesquisas documentos

### **Informe ao Anteproxecto de Reforma do Código Penal**

**lente** publica o informe ao Anteproxecto da Lei Orgánica de Reforma do Código Penal elaborado pola Comisión de Estudos e Informes do Consello Xeral do Poder Xudicial. Un texto crítico que recolle as dúbidas do organismo sobre a constitucionalidade dalgunhas das medidas propostas e o seu desacordo con algún dos argumentos esgrimidos para xustificar esas medidas.

<http://esculca.net/web/node/3364#.UOsR43dEoS0>



16/12/2012

RESPOSTA DO GOBERNO A PREGUNTA PARLAMENTAR

### **538 persoas vinculadas a Galiza en cárceres de fora do país**

Segundo o goberno español, das 3.066 persoas presas de orixe ou residencia habitual na Galiza que hai actualmente no estado español, 538 están internadas en cárceres de fora do país, 84 en situación de prisión preventiva e 454 penadas. Os datos figuran na resposta a unha pregunta parlamentar e o goberno non explica as razóns desta medida de dispersión.

<http://esculca.net/web/node/3369#.UOsRundEOSo>



18/12/2012

O PENAL FOI OBJETO DE VÁRIAS DENÚNCIAS

### **Delegados da Defensoría del Pueblo visitan o cárcere da Lama**

Segundo informa El Faro de Vigo, unha delegación do Defensor do Pueblo deslocou-se ao centro penitenciario da Lama para inspeccionar varias dependencias, entre elas o módulo de Isolamento, e se entrevistar con diferentes internos do penal, o que fíxeron cara a cara, sen a presenza de testemuñas. A visita teríase producido a instancias de parte.

<http://esculca.net/web/node/3375#.UOsRjXdEOSo>



19/12/2012

Á DEFENSORÍA DEL PUEBLO E A DIRECCIÓN DO PENAL

### **EsCULcA presenta queixa polas pésimas condicións do C.P. de Teixeiro**

No cadro do seu traballo de observación nos centros penitenciarios situados na Galiza, EsCULcA comprobou recentemente graves deficiencias nas infraestruturas do de Teixeiro e serias carencias nos programas de actividades que o penal debe proporcionar ás persoas presas, o que motivou a presentación de [queixas](#) perante a dirección do centro e a *Defensoría del Pueblo*.

<http://esculca.net/web/node/3379#.UOsRandEOSo>



20/12/2012

ÁS 09:30 NO PALACIO DE XUSTIZA DE FERROL

### **Concentración en apoio a sindicalista vítima de torturas**

A Executiva comarcal da CIG convoca unha concentración no Pazo de Xustiza de Ferrol o xoves, 20 de decembro, ás 9:30 horas, en apoio ao compañeiro Xesús Anxo López Pintos, citado polo Xulgado para as dilixencias previas que se abren por mor da presentación dunha denuncia polo delito de torturas en comisaria o día de inicio da última campaña electoral.

<http://esculca.net/web/node/3381#.UOsRRXdEoSo>



21/12/2012

CORPOS E FORZAS DE SEGURIDADE DO ESTADO

### **Bueu: o pleno municipal debaterá o uso de balas de goma**

O pleno municipal Bueu debaterá unha moción contra o uso de balas de goma en que se insta a Xunta a demandar "do Goberno do Estado que proceda á prohibición do uso de balas de goma, tal e como sucede en outros países europeos". No texto denúnciase que dende 1990 máis de 25 persoas perderon un ollo no Reino de España a causa deste tipo de proxectís

<http://esculca.net/web/node/3384#.UOsRIndEoSo>



21/12/2012

POR ACTUAÇOM ARBITRÁRIA ÀS PORTAS DE IMAGINARIUM

### **Activistas BDS-Galiza denunciam agentes policiais**

Cinco activistas da plataforma BDS-Galiza presentaron denuncia contra agentes da PN por alegado delito contra a liberdade individual quando distribuían filipetas às portas de *Imaginarium* (Compostela) em que se instava a empresa a ser conseqüente com a sua proclamada política empresarial e cancelar os vínculos que a ligam ao estado sionista de Israel.

[http://esculca.net/web/node/3385#.UOsQ\\_HdEO](http://esculca.net/web/node/3385#.UOsQ_HdEO)



23/12/2012

"NON É DEMÓCRATA NIN DE FIAR", AFIRMA

## **A avogacía galega declara Gallardón persoa non grata**

O Consello da Avogacía Galega declarou persoa *non grata* o ministro de Xustiza nunha decisión tomada "por maioría" o pasado venres, como sinalou o organismo nun comunicado. O sábado, o Presidente, Antonio Platas, compareceu perante os medios para explicar os motivos desta drástica medida contra Ruiz Gallardón, ao que calificou de "antidemocrático".

<http://esculca.net/web/node/3395#.UOsQyXdEoSo>



27/12/2012

DELEGACIÓN DA DEFENSORÍA DEL PUEBLO

## **EsCULcA solicita información sobre inspección ao cárcere da Lama**

Con data 26/12/2012 EsCULcA enviou escrito à Defensoría del Pueblo en que solicita información da visita realizada ao cárcere da Lama por unha delegación dese organismo para inspeccionar varias dependencias, entre elas o módulo de isolamento, e manter entrevistas con internos do penal. O penal acumula queixas por vulneración de dereitos das persoas presas.

<http://esculca.net/web/node/3400#.UOsQmHdEoSo>



31/12/2012

PEDINDO AO APÓSTOLO SOLUCIÓNS PARA A CRISE

## **A indixencia política das autoridades galegas**

Política e relixión católica volvéronse mesturar este domingo na Catedral de Santiago. Foi na cerimonia da "translación", coa que a tradición cristiá conmemora a suposta chegada dos restos do Apóstolo Santiago a Compostela. Desta volta foi a presidenta do Parlamento quen pediu ao santo solución para os problemas que deben solucionar os gobernantes.

<http://esculca.net/web/node/3404#.UOsQZXdEoSo>

31/12/2012



31/12/2012

POR O CONTIDO NON SE AXUSTAR ÁS TAXAS PAGADAS (!)

### **Verín: o concello exige a retirada de 4 faixas críticas co alcalde**

– O alcalde de Verín e senador do Partido Popular, Jiménez Morán, exixu á CIG a retirada de catro faixas cuxa colocaciónque fora previamente autorizada argüíndo que o contido do texto non corresponde á taxa municipal cobrada. A central sindical denuncia que a decisión do alcalde "atenta contra os dereitos de liberdade ideolóxica, expresión e sindical da CIG".

<http://esculca.net/web/node/3405#.UOsP3XdEoSo>

Galiza, Janeiro de 2013